



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A CENTRAL SINDICAL INDEPENDIENTE Y DE FUNCIONARIOS (CSI-F GALICIA) PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

En Santiago de Compostela 4 de abril de 2016

REUNIDOS

Don, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 15/2015, do 9 de febreiro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, publicado no DOG número 13, do 18 de xaneiro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Don....., con DNI....., presidente da Unión Autonómica de Galicia da Central Sindical Independiente y de Funcionarios de Galicia (CSI-F GALICIA), con CIF, que actúa no seu nome e representación en virtude dos poderes conferidos polo presidente nacional da CSI-F perante o notario de Madrid, don Carlos Rives Gracia, con data do 13 de novembro de 2007.

EXPOÑEN

1. Que a Central Sindical Independiente y de Funcionarios de Galicia (en diante CSI-F Galicia) é consciente da importancia que ten a aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, especialmente os seus artigos 1, 2 e 3, onde se recoñece que o galego é a lingua propia de Galicia, que os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego como lingua oficial da Comunidade Autónoma galega, e que os poderes públicos de Galicia adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por

razón da lingua. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria correspóndelle, entre outras, as competencias en promoción e ensino da lingua galega.

2. Que ambas as dúas son conscientes de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na implantación do Plan xeral de normalización da lingua galega (en diante PNL), que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 22 de setembro de 2004, coa finalidade de conseguir estender o uso do galego a todos os eidos da sociedade. Nesta tarefa deben colaborar todas as institucións e entidades galegas, públicas e privadas, entre elas os sindicatos.
3. Que, de acordo con citado marco legal, lle corresponde ao Goberno galego garantir o uso efectivo deste dereito e arbitrar as medidas necesarias para promover o uso progresivo da lingua galega, de maneira que as xentes en todos os ámbitos sociais coñezan en igual medida o galego ca o castelán, responsabilidade na que tamén deben de colaborar todas as institucións e entidades galegas, entre elas os sindicatos.
4. Que a CSI-F Galicia é un sindicato de ámbito nacional que ten unha gran representatividade en Galicia e, especialmente, no ámbito da Administración autonómica, onde conta cun gran número de afiliados. Este sindicato desexa colaborar en materia de normalización lingüística promovendo as actuacións que sexan necesarias para conseguir implantar progresivamente o uso do galego no seu funcionamento no seu ámbito de actuación na Comunidade Autónoma galega. Estas actuacións, pola súa singularidade e características, soamente se poderán levar a cabo no seu ámbito de actuación e, tendo en conta que a colaboración no proceso normalizador, mediante a sinatura de convenios, tamén se fai extensiva aos restantes sindicatos maioritarios en Galicia, é polo que non resulta posible promover a concorrencia pública para a realización das actividades previstas no convenio.
5. Que, de acordo con este marco legal, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a CSI-F Galicia fan explícita a súa inequívoca vontade de colaborar na aplicación da Lei de normalización lingüística e no desenvolvemento de actuacións destinadas a conseguir que a presenza do galego sexa cada vez maior no ámbito de actuación deste sindicato e nas súas relacións coa cidadanía.

Polo exposto, ambas as dúas partes acordan asinar un convenio de colaboración para o ano 2016, que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a CSI-F para incidir positivamente no uso progresivo da lingua galega neste sindicato e nos diversos colectivos laborais e sectores profesionais de Galicia.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a normalizar o uso da lingua galega no ámbito de actuación deste sindicato, coa finalidade de conseguir que o galego sexa unha lingua operativa e coñecida en todos os ámbitos da sociedade.

Segunda.- Obrigas da CSI-F Galicia

Como compromisos ás obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e do Plan de normalización da lingua galega, a CSI-F Galicia realizará as seguintes actuacións:

- 1.-Elaboración en bilingüe, predominando a lingua galega da páxina web www.csi-f.es/galicia e da revista electrónica "Herald Toupeiras - Boletín Independente do Funcionario Público" www.heraldtoupeiras.es. Así mesmo, elaborarán en galego a web www.csif.gal
- 2.-Elaboración e mantemento dun portal en galego da CSI-F Galicia. www.csifgalicia.es.
- 3.-Elaboración e mantemento en lingua galega da páxina web da Fundación Raizame www.raizame.es
- 4.- Elaboración da revista electrónica e en soporte papel "A queima.da sanidade"
- 5.- Elaboración en galego de material de representación, de oficina e publicidade
- 6.- Elaboración en galego e distribución de calendarios e carteis con resumos de permisos e licenzas
- 7.- Elaboración en galego de comunicacións internas e externas de Fax, correo postal e correo electrónico.

Terceira.- Asesoramento lingüístico



A Secretaría Xeral de Política Lingüística comprométese a lle facilitar, cando sexa preciso, á CSI-F Galicia o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

Cuarta.- Financiamento

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, contribuirá ao financiamento deste convenio cunha cantidade total de **mil euros (1.000,00 €)**, con cargo á aplicación 10.30.151A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

Quinta.- Xustificación e pagamento

Para percibir a achega establecida na estipulación anterior, a CSI-F Galicia entregará na Secretaría Xeral de Política Lingüística, coa data límite do 30 de novembro de 2016, a seguinte documentación:

- Certificación (dúas copias) do desenvolvemento das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Esta realizarase mediante facturas orixinais ou fotocopias compulsadas (dúas copias). Tamén deberá acreditar e xustificar o pagamento do gasto realizado.
- Un informe (dúas copias en soporte papel e unha en soporte informático) de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.

Para percibir a mencionada axuda, a CSI-F Galicia queda exonerada de constituír garantía, de conformidade co artigo 65.4 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria diminuírase proporcionalmente.

Esta axuda é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Non obstante, o seu importe en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade apoiada, de acordo co establecido no artigo 40.1 do Decreto 11/2009, do 8 de



xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación deste convenio.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento a CSI-F Galicia, presentará na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha declaración responsable asinada polo órgano competente de non ter contraídas débedas, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega, así como de estar ao día das obrigas tributarias e ao corrente das obrigas sociais, de acordo co artigo 11 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei. Esta declaración poderá substituírse por:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Economía e Facenda.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

Non obstante, a sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Ademais disto, a CSI-F Galicia antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento presentará, unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo fin, das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. En caso de non ter ningunha axuda, deberase presentar unha declaración de que só se percibe este importe para esta finalidade.



Así mesmo, a CSI-F Galicia deberá achegar unha declaración de que a entidade non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 33 desta lei, a CSI-F Galicia comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de mora segundo o procedemento establecido no artigo 37 da mesma norma legal e no artigo 77 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A CSI-F Galicia procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A CSI-F Galicia facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sexta.- Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio se deberán levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei. O incumprimento desta estipulación considerarase causa específica de resolución deste convenio.

Sétima.- Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno

De conformidade co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, esta axuda será publicada na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei



estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, a entidade asinante deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da entidade á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, outorgase consentimento para que se publiquen as axudas concedidas, nos rexistros públicos referidos con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade.

Oitava.- Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, calquera das dúas partes comprométense a facer mención da outra parte e deste convenio.

Novena.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2016. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación. Abranguerá as accións obxecto do convenio que realice a entidade dende o 1 de xaneiro.



Décima.- Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria de seguimento constituída por dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, nomeados polo seu titular, e dous representantes da CSI-F Galicia.

Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes de Política Lingüística, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo primeira.- Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo segunda.- Responsabilidade das actuacións

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo, entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir ningún tipo de responsabilidade –nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo terceira.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo cuarta.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, e quedará suxeito ao disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.



O réxime xurídico aplicable a este convenio será o das seguintes normas: Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei, e Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

Así mesmo, este convenio tamén estará suxeito aos artigos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da dita lei.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan tres copias deste convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O presidente da Unión Autonómica de
Galicia da CSI-F Galicia